- De acordo con a Lei 39/2015 (Art. 41), cando o interesado fose notificado por distintas canles, tomarase como data de notificación, (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) A daquela que se produciu en último lugar.
  - b) A daquela que se produciu en primeiro lugar.
  - c) A que se efectuou por medios electrónicos.
  - d) A data da notificación que se practicou por medios non electrónicos.
- 2) De acordo con o artigo 37 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, as resolucións administrativas de carácter particular poderán vulnerar o establecido nunha disposición de carácter xeral:
  - a) Cando procedan dun órgano de superior xerarquía ao que dito a disposición xeral.
  - b) En ningún caso.
  - c) Cando razóns motivadas de interese público así o esixan.
  - d) Cando o acto se ditase en base a unha norma que teña rango inferior.
- 3) Segundo o artigo 35.1 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración xeral e do Sector Público Autonómico de Galicia, unha xefatura territorial dependerá, (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) Orgánica e funcionalmente da consellería que corresponda por razón da súa materia.
  - b) Organicamente da delegación territorial correspondente e funcionalmente da consellería que corresponda por razón da súa materia.
  - c) Orgánica e funcionalmente da delegación territorial que corresponda.
  - d) A xefatura territorial actúa de forma autónoma na súa provincia, sen dependencia de ningunha consellería ou delegación territorial.
- 4) Segundo o artigo 23.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico, a creación, modificación e supresión de consellerías:
  - a) Será aprobada pola persoa titular da Presidencia da Xunta.
  - b) Será aprobada polo Consello da Xunta.
  - c) Será aprobada pola persoa titular da Presidencia da Xunta escoitando previamente aos/as Deputados/as do Parlamento de Galicia.
  - d) Será a proposta da persoa titular da Presidencia da Xunta, e a aprobación corresponderá ao Consello Xeral do Poder Xudicial.
- 5) Cal das seguintes entidades públicas non está adscrita á consellería do medio rural, segundo o decreto 223/2022 do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da devandita consellería?
  - a) Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA)
  - b) Axencia Galega de Calidade Agroalimenaria (AGACAL)
  - c) Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA)
  - d) Ente Público Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. (AGADER)

- 6) Segundo a estrutura orgánica da consellería de medio rural aprobada por Decreto 223/2022, do 22 de decembro, cal das seguintes direccións xerais non forma parte da consellería?
  - a) Dirección xeral de defensa do monte.
  - b) Dirección xeral de desenvolvemento rural.
  - c) Dirección de planificación e ordenación forestal.
  - d) Dirección Xeral de Gandería, Agricultura e Industrias Agroalimentarias.
- 7) Segundo se establece no artigo 1.4 dos estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A.:
  - a) A Sociedade terá a consideración de medio propio instrumental e de servizo técnico da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.
  - b) A Sociedade terá a consideración de Axencia Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.
  - c) A Sociedade terá a consideración de Ente Autónomo ao servizo da Comunidade autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico.
  - d) Ningunha das repostas é correcta.
- 8) Os estatutos da Sociedade Pública SEAGA (Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A.), recollen nos seus artigos 3 (Duración) e 4 (Comezo das operacións),
  - a) Que a duración da sociedade establecerase por un período inicial de cinco (5) anos prorrogables ano a ano, considerando o inicio das operacións o mesmo día do outorgamento da escritura fundacional.
  - b) Que a duración da sociedade establecerase por un período inicial de dez (10) anos prorrogables ano a ano, considerando o inicio das operacións o mesmo día do outorgamento da escritura fundacional.
  - c) Que a duración da sociedade establecerase por un período inicial de dez (10) anos prorrogables ano a ano, considerando o inicio das operacións o día seguinte da primeira reunión do Consello de Administración da Sociedade.
  - d) Que a duración da sociedade establecerase por tempo indefinido, considerando o inicio das operacións o mesmo día do outorgamento da escritura fundacional.
- O artigo 31 dos estatutos da Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos S.A., establece que o Presidente do Consello de Administración da empresa será designado,
  - a) Por proposta da consellería competente en materia de medio rural.
  - b) Por proposta da consellería competente en materia de medio ambiente.
  - c) Por proposta do Presidente da Xunta de Galicia.
  - d) Por proposta do Consello da Xunta de Galicia.

- 10) Segundo o artigo 211 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, son causas de resolución do contrato, (Indica a resposta INCORRECTA)
  - a) O mutuo acordo entre a Administración e o contratista.
  - b) O incumprimento da obrigación principal do contrato.
  - c) A morte ou incapacidade sobrevinda do contratista individual ou a extinción da personalidade xurídica da sociedade contratista.
  - d) A lesión dos dereitos dun terceiro alleo ao contrato.
- 11) Segundo o artigo 237 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cal é o prazo en que o servizo da administración encargada das obras procederá, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do reformulo (replanteo)? (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) Dentro do prazo que se consigne no contrato que non poderá ser superior a un mes desde a data da súa formalización salvo casos excepcionais xustificados.
  - b) Non existe prazo algún para a devandita comprobación, depende da vontade do director das obras.
  - c) O prazo será de 30 días naturais, agás se o reformulo (replanteo) realízase no mes de febreiro, que será de 28 días.
  - d) Todas as respostas son falsas.
- 12) Segundo o artigo 304 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, os gastos de entrega e recepción no contrato de subministración, corresponden (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) Os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración serán sempre por conta da administración.
  - b) Os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración serán compartidos a medias entre a administración e o adxudicatario do contrato.
  - c) Salvo pacto en contrario, os gastos da entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convido serán de conta do contratista.
  - d) Os contratos de subministracións das administracións públicas non xeran gastos de entrega e transporte.
- 13) De acordo co artigo 118 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, considéranse contratos menores os contratos de valor estimado, (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) Inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
  - b) Inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 15.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
  - c) Inferior a 40.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.
  - d) Inferior a 50.000 euros, cando se trate de contratos de obras, ou a 18.000 euros, cando se trate de contratos de subministración ou de servizos.

- 14) Nun diagrama PERT, o roteiro (ruta) crítico é aquela que:
  - a) Mostra a duración máis curta posible para finalizar os traballos planificados en prazo.
  - b) Mostra a duración intermedia entre o roteiro (ruta) coa duración máis longa planificada, e o roteiro de duración máis curta posible.
  - c) Establécese desde o primeiro ao último dos eventos do proxecto para planificar, e que suma a duración máis longa do proxecto.
  - d) Non existe un roteiro (ruta) crítico nun PERT, senón que simplemente existen eventos ou actividades que son críticas.

## 15) Sinala a RESPOSTA INCORRECTA:

- a) Un diagrama de Gantt é un método de planificación e xestión de proxectos.
- b) Un diagrama de Gantt represéntase normalmente mediante barras horizontais nas que se establece a duración temporal de cada tarefa ou actividade.
- c) Un diagrama de Gantt non permite establecer as relacións de dependencia entre actividades ou tarefas.
- d) A escala temporal dos diagramas de Gantt non está predefinida, e será a persoa encargada da súa formulación a que estableza a mesma, en función do proxecto para xestionar e o nivel de detalle necesario.
- 16) Atendendo ás estatísticas publicadas polo Instituto Galego de Estatística para o ano 2020, o maior número de cabezas de gando bovino atópase na provincia de:
  - a) Lugo
  - b) A Coruña
  - c) Ourense
  - d) Pontevedra
- 17) As estatísticas do sector gandeiro galego publicadas polo Instituto Galego de Estatística para o ano 2020 indican que, na estrutura do sector bovino segundo a aptitude produtiva dos efectivos, as explotacións predominantes para todo o territorio da comunidade autónoma galega son:
  - a) As explotacións destinadas á produción de carne.
  - b) As explotacións destinadas á produción de leite
  - c) As explotacións mixtas destinadas á produción de carne e leite.
  - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
- 18) Atendendo á distribución de superficies segundo os usos e aproveitamentos para o ano 2020 publicados polo Instituto Galego de Estatística, a secuencia de maior a menor número de hectáreas de viñedo por provincia é:
  - a) Pontevedra-Ourense-Lugo-A Coruña
  - b) Pontevedra-Ourense-A Coruña-Lugo
  - c) Ourense-Pontevedra-Lugo-A Coruña
  - d) Ourense-Pontevedra-A Coruña-Lugo

- 19) O artigo 34 da Lei 4/2015, do 17 de agosto, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia establece no seu punto un, que a finalidade dunha MASA COMÚN nun proceso de reestruturación parcelaria é:
  - a) Achegar terreos con vocación agraria ao BANCO DE TERRAS.
  - b) Xerar terreos para a dotación de servizos de interese público.
  - c) A compensación derivada da estimación das reclamacións de superficie e das resolucións dos recursos.
  - d) Crear unha rede de parcelas nas zonas de reestruturación parcelaria para o aproveitamento como campos de ensaio dos centros públicos de investigación.
- 20) De acordo co artigo 69 da Lei 4/2015, do 17 de agosto, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, que órgano poderá autorizar un cambio no uso dos terreos afectados pola reestruturación parcelaria para fins diferentes dos agrarios? (Indica a RESPOSTA CORRECTA)
  - a) Excepcionalmente, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, previo informe favorable da xunta local, sempre que sexa temporal e ata que finalice o proceso de reestruturación parcelaria.
  - b) A entidade local do termo municipal onde se localicen os terreos afectados pola reestruturación parcelaria.
  - c) Os cambios de uso dos terreos afectados pola reestruturación parcelaria para fins diferentes dos agrarios non están sometidos a autorización.
  - d) O enxeñeiro director da zona de reestruturación.
- 21) Atendendo ao artigo 64 da Lei 4/2015, do 17 de agosto, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, executadas as obras contidas no plan de obras, estas pasarán a uso ou servizo público, facendo a entrega das mesmas a:
  - a) Concello ou concellos afectados polo proceso de reestruturación.
  - b) A entrega non se realiza ao final das obras, senón ao final de todo o proceso de reestruturación.
  - c) Cando a rede de camiños construída afecte a máis dun concello, a entrega realizarase á entidade de rango superior, é dicir, á Deputación Provincial correspondente.
  - d) A toma de posesión definitiva das leiras polos novos propietarios, condiciona a entrega das obras do plan.
- 22) De acordo con o artigo 81 da Lei 4/2015, do 17 de agosto, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, nas zonas de actuación intensiva desenvolverase un plan de actuación integral. Cal dos seguintes **NON** é un obxectivo deste plan?
  - a) A protección da caza e pesca e da paisaxe.
  - b) A diminución do número e virulencia dos incendios forestais.
  - c) Asegurar que a actividade forestal produtiva non reduza nin empobreza a biodiversidade.
  - d) O estímulo e fomento das cooperativas.

23) Segundo o Artigo 4 Definicións, da Lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, para efectos desta lei, enténdese por "instrumento voluntario de mobilización de terras que ten por obxecto o aproveitamento e a recuperación produtiva de parcelas que se atopen en estado de abandono ou infrautilización ou sexan susceptibles de optimización, coa finalidade de constituír áreas de explotación que garantan a súa rendibilidade, contando coa existencia de axentes promotores públicos ou privados interesados no seu desenvolvemento":

#### a) Polígono Agroforestal

- b) Aldea modelo.
- c) Terra agroforestal en situación de abandono.
- d) Actuacións de mobilización de terras.
- 24) Segundo a lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, os **POLÍGONOS AGROFORESTAIS**, (Indica a RESPOSTA CORRECTA)
  - a) Necesitan o acordo de titulares de polo menos o 70% da superficie contida no perímetro proposto, excepto nos en polígonos devasas (cortalumes).
  - b) Teñen como obxecto prioritario poñer en produción áreas de terra agroforestal con boa capacidade produtiva que alcanzaron co paso do tempo estados de abandono ou infrautilización.
  - c) Poderanse levar a cabo procesos de reestruturación da propiedade para asegurar un tamaño mínimo das parcelas.
  - d) Todas as respostas son correctas.
- 25) A lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, no seu capítulo III fai referencia á figura da **ALDEA MODELO**. Con relación a esta figura **indica a RESPOSTA CORRECTA**:
  - a) A declaración da aldea modelo virá precedida da elaboración por parte de AGADER, dun proxecto de ordenación produtiva.
  - b) A ampliación dos camiños interiores da aldea, será unha das medidas máis determinantes para a mellora da produtividade dos terreos.
  - c) A posta en marcha da aldea modelo necesitará da declaración de utilidade pública por parte do concello en cuestión.
  - d) A aldea modelo levará asociado en todo caso no plan de obras o peche perimetral do seu contorno, de modo que en todo momento os límites da mesma estean definidos.
- 26) Con relación ás **AGRUPACIÓNS AGROGANDEIRAS DE XESTIÓN CONXUNTA** definidas na lei 11/2021, do 14 de maio, de recuperación da terra agraria de Galicia, estas deberán:
  - a) Dispoñer dunha superficie mínima de dez (10) hectáreas.
  - b) As persoas ou entidades que forman parte da agrupación agrogandeira deberán asinar un compromiso de pertenza e de cesión ou delegación da xestión á agrupación.
  - c) O prazo de cesión ou delegación da xestión será por un ano, prorrogable de seis en seis meses.
  - d) As respostas a) e b) son correctas.

- 27) A *Tecia solanivora* é a causante de importantes danos nun dos cultivos agrícolas de máis tradición en Galicia. Indica o cultivo ao que afecta:
  - a) Viñedo
  - b) Trigo
  - c) Millo
  - d) Ningunha das anteriores
- 28) A **flavescencia dourada da vide** é unha das enfermidades do viñedo que está presente en Galicia, establecéndose para o seu control e erradicación unha serie de medidas por resolución do 9 de novembro de 2023 de Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias. Entre elas destaca:
  - a) A aplicación de funxicidas a base de Mancozeb.
  - b) Se a detección da praga se produce nun viñedo abandonado, evitarase actuar para non facilitar a propagación.
  - c) En parcelas cunha porcentaxe de plantas sintomáticas superior ao 20% estudarase da posibilidade de eliminar e destruír todas as plantas da finca.
  - d) A actuación con insecticidas de forma masiva, tamén se considera un método de control adecuado para fincas de gran superficie.
- 29) Na seguinte fotografía obsérvanse os individuos dun insecto que actúa como vector dunha bacteria causante do "enverdecimiento dos cítricos", e ademais provoca unha grave distorsión das follas, a atrofia e produción de bugallas que aparecen con bólas fecais. Este insecto denomínase:



- a) Trioza erytreae
- b) Epitrix spp
- c) Xylella fastidiosa
- d) Bursaphelenchus xylophilus

- 30) Conforme ao Real Decreto 285/2021, do 20 de abril, polo que se establecen as condicións de almacenamento, comercialización, importación ou exportación, control oficial e autorización de ensaios con produtos fitosanitarios, e se modifica o Real Decreto 1311/2012, do 14 de setembro, polo que se establece o marco de actuación para conseguir un uso sustentable dos produtos fitosanitarios, **indica a RESPOSTA INCORRECTA:** 
  - a) Os produtos fitosanitarios de uso profesional nunha explotación agraria gardaranse en armarios, cuartos ou partes debidamente identificadas dos locais, ventilados e provistos de fechadura.
  - b) Permítese a venda a distancia para produtos de uso profesional e non profesional.
  - c) Os envases baleiros, unha vez realizada a tripla enxaugada, poderán ser entregados polos agricultores, e serán xestionados conforme ao que se estableza na normativa sobre envases e residuos de envases.
  - d) Os locais de almacenamento de produtos fitosanitarios deberán estar construídos de materiais non combustibles.
- 31) A Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria, ten por obxecto establecer medidas de mellora do funcionamento da cadea alimentaria para a consecución dos fins establecidos no artigo 3, entre os que se atopan os seguintes:
  - a) Conseguir un maior equilibrio e transparencia nas relacións comerciais entre os diferentes operadores, mellorando o acceso á información e rastrexabilidade (trazabilidade) da cadea alimentaria.
  - b) Maximizar os beneficios das empresas agroalimentarias en todo caso.
  - c) Minorar, en beneficio da sociedade e dos consumidores, a competitividade do sector alimentario globalmente considerado.
  - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
- 32) A efectos a Lei 12/2013, do 2 de agosto, de medidas para mellorar o funcionamento da cadea alimentaria; que se entende por "conxunto de actividades que levan a cabo os distintos operadores que interveñen na produción, transformación e distribución de alimentos ou produtos alimenticios, excluíndo as actividades de transporte e da hostalería e a restauración"?
  - a) Sector alimentario
  - b) Rastrexabilidade (trazabilidade)
  - c) Cadea alimentaria
  - d) Cadea de produción, exceptuando o sector comercial.

- 33) A Lei 12/2013 define *Operador* como "A persoa física ou xurídica do sector alimentario, incluíndo unha agrupación, central ou empresa conxunta de compra ou de venda, que realiza algunha actividade económica no ámbito da cadea alimentaria". A estes efectos, cal é a consideración dun **CONSUMIDOR FINAL?** (sinala a RESPOSTA CORRECTA):
  - a) O operador fundamental na cadea alimentaria, ao dar sentido ao obxectivo final de favorecer a sustentabilidade, de incremento da competitividade e de contribución á mellora da calidade da produción.
  - b) Os consumidores finais non terán a condición de operadores da cadea alimentaria.
  - c) Persoa física ou xurídica cuxa actividade principal exércea na produción agrícola, gandeira, forestal ou na pesca.
  - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta
- 34) Segundo o artigo 3. *Contido dos contratos tipo*. da lei 2/2000 do 7 de xaneiro, reguladora dos contratos tipo de produtos agroalimentarios, os **CONTRATOS TIPO AGROALIMENTARIOS**, para ser homologados, deberán incluír, entre outras, as estipulacións relativas a:
  - a) Obxecto do contrato tipo, definindo claramente o produto, a cantidade, a calidade, a presentación e o calendario e lugar de entrega e calquera outro aspecto relativo á posición comercial.
  - b) Prezos e condicións de cobro, sendo o prezo fixado pola comisión de seguimento que homologa os contratos do sistema agroalimentario.
  - c) Non poderán existir controversias na interpretación ou execución do contrato tipo nos contratos homologados.
  - d) As tres respostas son correctas.
- 35) Aqueles produtos que posúen algunha calidade determinada, reputación ou outra característica que poida atribuírse a unha orixe xeográfica e algunha fase da súa produción ten lugar na zona xeográfica delimitada da que toma o seu nome, denomínanse:
  - a) Denominación de orixe protexida (DOP)
  - b) Indicación xeográfica protexida (IXP)
  - c) Produto ecolóxico
  - d) Produto certificado.
- 36) Nas actuacións de Control de Vendima da Consellería do Medio Rural, algunhas das tarefas de inspección e control que se realizan son as seguintes:
  - a) Visitas de campo para inspección in-situ de parcelas declaradas nos rexistros vitícolas das Denominacións de Orixe (D.O.).
  - b) Controis en centros de provisión e venda de uva na zona xeográfica da Denominación de Orixe (D.O.); traballo a realizar necesariamente, antes do inicio da vendima.
  - c) Control das fermentacións malolácticas dos mostos.
  - d) As tres respostas anteriores son correctas.

- 37) Na redacción dun proxecto de mellora de camiños cun importe de execución por contrata de seiscentos trinta e dous mil cincocentos euros (632.500,00€), segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, a/s persoa/s proxectista/s deberán incluír obrigatoriamente,
  - a) Un plan de seguridade e saúde que con posterioridade será aprobado polo Coordinador de Seguridade na fase de execución.
  - b) Un estudo básico de seguridade e saúde.
  - c) Un estudo de seguridade e saúde.
  - d) Unha avaliación de riscos daquelas actividades con maior risco de producir incidentes ou accidentes.
- 38) O plan de seguridade e saúde dunha obra que promove a Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 7 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción,
  - a) Poderá ser modificado polo contratista en función do proceso de execución da obra, da evolución dos traballos e dos posibles incidentes ou modificacións que poidan xurdir ao longo da obra. A aprobación da modificación correrá a cargo da persoa encargada da coordinación de seguridade e saúde.
  - b) Poderá ser modificado polo contratista en función do proceso de execución da obra, da evolución dos traballos e dos posibles incidentes ou modificacións que poidan xurdir ao longo da obra, co informe favorable da persoa encargada da coordinación de seguridade e saúde, e a aprobación do promotor.
  - c) Non pode ser modificado, aínda que as circunstancias da obra cambiasen no que se refire á seguridade laboral. En todo caso haberá que redactar un plan de seguridade alternativo, avaliando os novos riscos detectados.
  - d) Ningunha das respostas é correcta.
- 39) Segundo o artigo 11 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, con relación ao incumprimento por parte dos contratistas e subcontratistas das medidas previstas no plan de seguridade e saúde da obra,
  - a) Responderán de maneira individual co seu patrimonio persoal, en caso de accidente grave ou moi grave.
  - b) Responderán de maneira mancomunada co seu patrimonio persoal, en caso de accidente grave ou moi grave.
  - c) Responderán de maneira solidaria das consecuencias que se deriven do incumprimento.
  - d) Todas as respostas son correctas.

- 40)A lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, establece no seu artigo 35,
  - a) Os Delegados de Prevención son os representantes dos traballadores con funcións específicas en materia de prevención de riscos no traballo.
  - b) Os Delegados de Prevención son os traballadores responsables que, nas obras se encargan de velar polo cumprimento das medidas de seguridade durante a execución.
  - c) Os Delegados de Prevención serán designados por, e entre os Delegados de persoal.
  - d) As respostas a) e c) son correctas.
- 41) Segundo a lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, cal dos seguintes non é un principio da acción preventiva?:
  - a) Evitar os riscos, e avaliar aqueles que non se poden evitar.
  - b) Substituír o perigoso por aquilo que entrañe pouco ou ningún perigo.
  - c) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.
  - d) Combater os riscos na súa orixe.
- 42) O libro de incidencias regulado no artigo 13 do Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, é:
  - a) O libro onde se recollen as ordes e instrucións da Dirección de Obra en canto á execución dos traballos de forma segura.
  - b) O libro onde se recolle o control e seguimento do plan de seguridade e saúde da obra.
  - c) O libro no que se recollen unicamente os incumprimentos en materia de seguridade e saúde do contratista.
  - d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.
- 43) O programa de xestión do custo e dos tempos "PRESTO" é unha ferramenta informática na que a información se presenta de forma xerárquica. Con relación a esta cuestión, indica a RESPOSTA INCORRECTA:
  - a) Os capítulos dun orzamento obrigatoriamente deben estar no seu nivel inferior formados por unidades de obra.
  - b) Os importes das unidades de obra calcúlanse en base a prezos unitarios e cantidades, desagregadas en liñas de medición.
  - c) Os capítulos poden estar á súa vez formados por subcapítulos no nivel inferior.
  - d) Os prezos unitarios ou simples non teñen desagregación.
- 44)O programa de xestión do custo e dos tempos "**PRESTO**" permite entre outros aspectos:
  - a) Establecer un obxectivo de custo por partidas para a obra.
  - b) A estimación da planificación ou da execución baseada en cantidades.
  - c) A exportación da información mediante informes que o programa contén por defecto, ou que poden ser formulados polo propio usuario conforme ás súas necesidades.
  - d) Todas as respostas son correctas.

- 45) Nun proxecto de construción da rede primaria de vieiros dunha zona de reestruturación parcelaria, por norma xeral, enténdese como **ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA**, o orzamento base de execución material **SUMADOS**:
  - a) Os gastos xerais do seis por cento (6%) e o IVE. ao vinte e un por cento (21%).
  - b) Os gastos xerais do seis por cento (6%), o beneficio industrial do trece por cento (13%), e o IVE do vinte e un por cento (21%).
  - c) Os gastos xerais do trece por cento (13%), o beneficio industrial do seis por cento (6%), e o IVE de o vinte e un por cento (21%).
  - d) Os gastos xerais do trece por cento (13%), o beneficio industrial do seis por cento (6%), e o IVE do dez por cento (10%) ao tratarse do réxime especial agrario.

Nota.- IVE => Imposto sobre o Valor Engadido

- 46)O software de xestión e información xeográfica libre denominado Quantum GIS na creación dun proxecto **NON PERMITE**:
  - a) A conexión con servidores .WMS
  - b) Cargar arquivos en formato .DXF
  - c) Cargar arquivos en formato .KML
  - d) Cargar arquivos en formato .DOC
- 47) Indica cal das seguintes funcións dun sistema de información xeográfica **NON** se considera básica:
  - a) Almacenamento.
  - b) Visualización.
  - c) Deseño e creación de planos.
  - d) Consulta e análise de datos espaciais.
- 48)Con relación á Proxección Universal Transversa de Mercator, **indica a RESPOSTA INCORRECTA:** 
  - a) A terra divídese en 60 fusos.
  - b) Dous puntos diferentes da superficie terrestre poden ter as mesmas coordenadas se se sitúan en fusos diferentes.
  - c) Todo o territorio peninsular se encontra no fuso 30.
  - d) As coordenadas UTM adoitan expresarse en metros ou quilómetros.
- 49) A ferramenta SIMETRÍA da aplicación informática AUTOCAD,
  - a) Permite crear unha copia simétrica dun obxecto ou obxectos, respecto dunha liña de simetría.
  - b) Na execución do comando permite a eliminación ou o mantemento do obxecto orixinal.
  - c) A orde da liña de comandos para esta función é "\_mirror"
  - d) Todas as respostas son correctas

- 50) Con relación á ferramenta MATRIZ do software denominado AUTOCAD, indica a RESPOSTA INCORRECTA:
  - a) A matriz pode ser polar.
  - b) A matriz pode ser rectangular.
  - c) Crea debuxos en 3D, e proxéctaos por defecto nunha visión isométrica.
  - d) Permite a copia de obxectos seguindo un patrón.

#### **PREGUNTAS DE RESERVA**

- 1) Segundo o artigo 24 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais, cando nun mesmo centro de traballo desenvolvan actividades, traballadores de dous ou máis empresas.
  - a) As empresas que contraten ou subcontraten con outras a realización de obras ou servizos correspondentes á propia actividade daquelas e que se desenvolvan nos seus propios centros de traballo non están obrigados a vixiar o cumprimento polo devanditos contratistas e subcontratistas da normativa de prevención de riscos laborais, salvo que así se recolla na análise de risco.
  - b) Os traballadores autónomos, como empresarios unipersoais, están exentos do cumprimento dos deberes de cooperación e información de prevención de riscos laborais.
  - c) O empresario titular do centro de traballo adoptará as medidas necesarias para que aqueloutros empresarios que desenvolvan actividades no seu centro de traballo reciban a información e as instrucións adecuadas, en relación cos riscos existentes e as medidas de protección e prevención correspondentes.
  - d) Non é posible que dúas empresas coincidan nun mesmo centro de traballo. Cada empresa deberá solicitar a súa propia apertura de centro de traballo, e avaliar os riscos de forma independente.
- Segundo o artigo 63.4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sobre información relativa aos contratos menores, (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) Os contratos menores non precisan publicación, pero si información previa.
  - b) A publicación da información relativa aos contratos menores deberá realizarse polo menos trimestralmente.
  - c) Os contratos menores publicaranse no Boletín Oficial do Estado, cando o seu importe supere os 130.000 € sen IVE.
  - d) Non se publicará información sobre os contratos menores, agás que así o decida unha resolución administrativa por solicitude de autoridade xudicial.

- 3) O artigo 80 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sinala que, de non emitirse o informe no prazo sinalado, e sen prexuízo da responsabilidade en que incorra o responsable da demora, (Indica a resposta CORRECTA):
  - a) Suspenderase o prazo máximo legal para resolver o procedemento ata que se emita o informe.
  - b) Poderanse proseguir as actuacións, salvo cando se trate dun informe preceptivo, nese caso, poderase suspender o transcurso do prazo máximo legal para resolver o procedemento.
  - c) Poderase continuar co procedemento e non se terá en conta o informe emitido fóra de prazo.
  - d) Deberanse proseguir as actuacións, dando conta aos interesados.
- 4) De acordo co artigo 46 da Lei 4/2015, do 17 de agosto, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, para a solicitude de iniciación do proceso de reestruturación da propiedade de fincas de vocación agraria polas persoas particulares, a agrupación haberá de definir a delimitación cartográfica do perímetro de reestruturación e as áreas excluídas do proceso. Dentro do perímetro será necesario o cumprimento dunha serie de requisitos. (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) A superficie constituída polos enclaves das persoas titulares alleas á agrupación non poderá superar o 50 % do conxunto das terras incluídas no perímetro.
  - b) A superficie afectada polo proceso será, como mínimo, de tres (3) hectáreas se a totalidade das terras para reordenar van ser utilizadas para cultivos de horta, viñedo ou cultivos intensivos, e de vinte (20) hectáreas para todo tipo de orientacións, cun máximo de terras clasificadas como terreo forestal do 25 %.
  - c) A agrupación deberá estar constituída por un mínimo de cinco titulares de leiras de vocación agraria.
  - d) Non hai superficie mínima, sempre que os cultivos sexan de horta, viñedo ou cultivos intensivos.
- 5) De acordo con o disposto no artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, (Indica a resposta CORRECTA)
  - a) A vicepresidencia, as consellerías, as secretarías xerais e as secretarías xerais técnicas.
  - b) As xefaturas de servizo, as secretarías xerais técnicas e as direccións xerais.
  - c) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, de existir estas, e as secretarías xerais.
  - d) Os órganos superiores non se refiren á lexislación autonómica, senón á estatal.

- De acuerdo con la Ley 39/2015 (Art. 41), cuando el interesado fuera notificado por distintos cauces, se tomará como fecha de notificación, (Indica la respuesta CORRECTA)
  - a) La de aquélla que se hubiera producido en último lugar.
  - b) La de aquélla que se hubiera producido en primer lugar.
  - c) La que se haya efectuado por medios electrónicos.
  - d) La fecha de la notificación que se haya practicado por medios no electrónicos.
- 2) De acuerdo con el artículo 37 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del procedimiento administrativo común de las Administraciones Públicas, las resoluciones administrativas de carácter particular podrán vulnerar lo establecido en una disposición de carácter general:
  - a) Cuando procedan de un órgano de superior jerarquía al que dicto la disposición general.
  - b) En ningún caso.
  - c) Cuando razones motivadas de interés público así lo exijan.
  - d) Cuando el acto se dictase en base a una norma que tenga rango inferior.
- 3) Según el artículo 35.1 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de Organización y Funcionamiento de la Administración general y del Sector Público Autonómico de Galicia, una jefatura territorial dependerá, (Indica la respuesta CORRECTA)
  - a) Orgánica y funcionalmente de la consellería que corresponda por razón de su materia.
  - b) Orgánicamente de la delegación territorial correspondiente y funcionalmente de la consellería que corresponda por razón de su materia.
  - c) Orgánica y funcionalmente de la delegación territorial que corresponda.
  - d) La jefatura territorial actúa de forma autónoma en su provincia, sin dependencia de ninguna consellería o delegación territorial.
- 4) Según el artículo 23.2 de la Ley 16/2010, de 17 de diciembre, de organización y funcionamiento de la Administración general y del sector público autonómico, la creación, modificación y supresión de consejerías:
  - a) Será aprobada por la persona titular de la Presidencia de la Xunta.
  - b) Será aprobada por el Consello de la Xunta.
  - c) Será aprobada por la persona titular de la Presidencia de la Xunta escuchando previamente a los/las Diputados/as del Parlamento de Galicia.
  - d) Será a propuesta de la persona titular de la Presidencia de la Xunta, y la aprobación corresponderá al Consejo General del Poder Judicial.
- 5) ¿Cuál de las siguientes entidades públicas no está adscrita a la consellería do medio rural, según el decreto 223/2022 de 22 de diciembre, por el que se establece la estructura orgánica de dicha consellería?
  - a) Fondo Gallego de Garantía Agraria (FOGGA)
  - b) Agencia Gallega de Calidad Agroalimenaria (AGACAL)
  - c) Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos (SEAGA)
  - d) Ente Público Agencia Gallega de Desarrollo Rural. (AGADER)

